

MAIORES DE 25 ANOS-2014

PROBA DE INGLÉS

CRITERIOS DE CORRECCIÓN

1. Terase en conta basicamente a comprensión e expresión escrita. Por unha parte, o corrector valorará si existe comprensión total ou parcial do texto por parte do alumno. Por outra parte, o corrector terá en conta, do mesmo xeito, a capacidade do alumno para transmitir a súa mensaxe de forma efectiva, sen esquecer a expresión gramatical correcta das respostas dadas.

2. Se existise unha comprensión total do texto xunto cunha expresión gramatical correcta, a puntuación será máxima, sempre que o alumno aporte elementos expresivos persoais.

3. Se existe unha comprensión total do texto, pero a expresión non é gramaticalmente correcta, faranse as deducións oportunas dependendo da gravidade da incorrección. As deducións faranse, entón, axustándose á importancia do erro e ó número de erros que se cometan na mesma pregunta. A modo orientativo, lémbrese que erros de expresión básicos (fallas de concordancia, indebida orde de palabras, fallos na formación de interrogativas ou negativas, etc.) serán penalizados de forma considerable.

4. Se a comprensión é parcial a puntuación asignada á pregunta verase reducida de acordo ca gravidade da falla de comprensión.

5. Se non hai comprensión algunha, a pregunta non pode ter ningún tipo de cualificación positiva.

6. Os erros ortográficos puntuaranse negativamente en base ó número e importancia deles (serán máis graves en palabras básicas da lingua que se use). Como criterio xeral, deberá penalizarse, como mínimo, unha décima por erro ortográfico cometido en palabras básicas do inglés, cando este sexa obrigatorio. Un erro repetido na mesma palabra só se penalizará unha vez.

7. Se transcribira literalmente, palabra por palabra, un fragmento considerable do texto como resposta a unha das preguntas, aínda que o devandito fragmento estea relacionado co contido da pregunta, valorarase cunha puntuación máxima de 0.5. Polo que debe interpretarse que non necesariamente a puntuación deba ser un 0.5.